



Deberíamos cambiar para
gustarlle a unha persoa?
E se ao facelo perdésemos
a nosa identidade propia?



nubeocho

ISBN: 979-13-88132-50-6 www.nubeocho.com



9 791388 132506

EU VOU COMIGO

Raquel Díaz Reguera

nubeocho

EU VOU COMIGO



RAQUEL DÍAZ REGUERA



“Non escollas só unha parte, tómame como me dou



enteiro, e tal e como son, non te vaias trabucar”. Joan Manuel Serrat

Ás pequeneces que nos fan singulares.

*Grazas a meu pai
por adestrarme na arte
de sacar os pés do prato.*

*Grazas a miña nai
por debuxarme unhas ás
e aprenderme a usalas.*

Raquel Díaz Reguera



Eu vou comigo

Colección Somos8

© do texto e as ilustracións: Raquel Díaz Reguera, 2015/2026

© da edición: NubeOcho, 2026

© da tradución: Iria Carballo, 2026

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Yo voy conmigo*

Primeira edición: Maio, 2026

ISBN: 979-13-88132-50-6

Depósito Legal: M-9735-2026

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



EU VOU COMIGO

Raquel Díaz Reguera





Gústame Martiño

Gústame Martiño

Gústame Martiño

GÚSTAME MARTIÑO

Gústame Martiño

Gústame Martiño

Gústame Martiño

Gústame Martiño

Gústame Martiño

Gústame

M A R T I Ñ O



Seino porque cando pasa polo meu lado sinto
que me pica o nariz e que os xeonllos se me poñen
tontos... Pero Martiño non se dá conta,

Martiño nunca me mira.



A miña amiga Lucía díxome que o **pelo
recollido** non me queda ben, que ao
mellor se o solto, Martiño me mira.

Quitei as **coletas**, pero...
Martiño non me mirou.



A miña amiga Ana díxome que talvez debería quitar as **lentes**, que ao mellor

sen as miñas **Coletas**
e sen as miñas **lentes**,
Martíño me mira.

Quitei as lentes, pero...

Martíño non me mirou.



Doume conta de que
a miña cabeza empeza
a baleirarse de **paxaros**.
Véxoos botar
a voar e **afastarse**.



O meu amigo Lois díxome
que por que non probo a quitar
“ese **SorriSo** da miña cara”.
Está seguro de que
sen as miñas **Coletas**,
sen as miñas **lentes**
e sen o meu **SorriSo**
Martíño me mirará.

Deixei de sorrir, pero...
Martíño non me mirou.

